

## CIRCULAR NÚMERO 10/2008, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, sobre o profesorado itinerante.

Con data do 18 de febreiro de 2008, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e todas as organizacións sindicais con presenza na mesa sectorial docente non universitaria, CIG, CC.OO, FETE-UGT, ANPE, STEG e CSI-CSIF, asinaron un acordo sobre o profesorado itinerante. Presentadas algunas dúbidas na interpretación dítase a seguinte Circular interpretativa do acordo.

**Primeiro.-** O profesorado itinerante que presta servizos en dous ou máis centros educativos, tanto que o faga no mesmo día ou en día diferente, e con independencia da súa localidade de residencia, terá dereito a percibir os custos de locomoción previsto no apartado sexto do acordo, polos días que traballe no centro ou centros distintos do centro base, polos quilómetros existentes desde o centro base ao centro no que se prestan servizos, computados en viaxe de ida e volta.

**Segundo.-** A compensación lectiva semanal establecida no apartado segundo do Acordo do 18 de febreiro de 2008 está baseada en que o profesorado itinerante ten que viaxar polas propias características do posto de traballo creado ou establecido pola Administración educativa. En consecuencia, neste caso concreto, a redución de horario lectivo non pode implicar un incremento do horario complementario fixo.

**Terceiro.-** O profesorado das distintas especialidades dos Colexios Rurais Agrupados, incluída a orientación, considérase itinerante para todos os efectos.

**Cuarto.-** O profesorado dos colexios rurais agrupados que se desprace a facer gardas a algunha unidade distinta da de adscrición tamén terá dereito a percibir as axudas de custo establecidas no apartado sexto do Acordo do 18 de febreiro de 2008.

**Quinto.-** Os orientadores e orientadoras que teñan centros compartidos ou centros adscritos en distinta localidade considéranse itinerantes para todos os efectos. No caso de pertenceren á mesma localidade non se consideran itinerantes.

Sexto.- De conformidade co previsto na Resolución do 29 de decembro de 2005 pola que se ordena a publicación do acordo do Consello da Xunta de Galicia do 29 de decembro de 2005 sobre a revisión da contía da indemnización por uso de vehículo particular e axudas de custo en territorio nacional, a contía da indemnización por uso de vehículo particular é de 0,19€ por quilómetro.

Sétimo.- Para a xustificación das axudas de custo para o profesorado itinerante os centros educativos poden empregar os documentos que veñan utilizando habitualmente. De non dispoñerse de ningún documento pode utilizarse o documento que se achega como anexo á presente Circular.

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2008

O SECRETARIO XERAL

Asdo: Benito Fernández García